

**Crear un Blog.**

**Primeiros pasos.**



**XX Semana da Educación**

**Pontevedra 2008**

<http://www.recursosmatematicos.com/galego>

## Crear un blog en Blogger

Se queres empezar nisto dos blogs, o mellor é crear un en Blogger, onde moitas persoas empezan a escribir as súas bitácoras. Só tes que escribir <http://www2.blogger.com> na barra de direccións do teu navegador ou facer clic neste enlace. Entón aparecerá a páxina principal de Blogger, na que vas realizar tres sinxelos pasos para crear o teu blog. O único que necesitas é unha conta de correo electrónico, e non é necesario que sexa a de Google, a empresa que posúe este servizo gratuíto de blogs ou bitácoras.



### 1. Primeiro paso: crear unha conta

O primeiro que hai que facer é un clic na frecha que nos di **Crear o teu blog agora**. Iso levaranos a outro documento onde deberemos **Crear unha conta de Blogger**, o que quere dicir que temos que crear unha conta que nos identifique nese servizo e unha dirección para o noso blog.

No texto avísannos de que se xa temos unha conta en Google, por exemplo do correo de Gmail, temos que facer clic no enlace que di **primeiro acceda a ela**. Neste caso, o primeiro paso para crear o blog realizarase automaticamente, e pasaremos ao paso 2. Pero **quen non teña conta de Google, terán que encher o seguinte formulario**:

Neste formulario hai que incluír o seguinte:

- Unha conta de correo electrónico existente.
- Unha contrasinal escrita dúas veces para asegurarse de que non hai erros.
- O nome que aparecerá como autor ou autora do blog e dos artigos.
- Unha verificación, que consiste en escribir as letras que aparecen nunha pequena imaxe.
- Activar a casa de aceptación das condicións, que sempre é mellor lelas antes.

Facemos clic na frecha **Continuar**, e continuamos co seguinte paso.

## 2. Segundo paso: asignar un nome ao blog

Nesta fase simplemente escribiremos un **nome** para o noso blog, que poderemos cambiar máis tarde, e asignarémolle unha **dirección** de internet, que non poderemos cambiar. É importante que a dirección sexa curta e sempre con letras minúsculas, sen caracteres especiais

como acentos ou guións. A dirección adoita ser o nome do blog ou o nome do autor, pero se pode pór o que se queira. Para o meu blog de proba, que se chama "O meu blog", púxenlle esta dirección: **meublog**. Despois Blogger engade a parte restante ata quedar así: **http://meublog.blogspot.com**.

Pero antes de continuar hai que facer clic no enlace que di **Comprobar a dispoñibilidade** para ver se ese nome xa está elixido por outro membro; e adoita ocorrer con frecuencia que xa estea utilizado, así que hai que aguzar o enxeño. Se ocorre isto, avísannos coa frase: **Sentímolo, esta dirección do blog non está dispoñible**.



E agora imos ao último paso.

### 3. Terceiro paso: elixir un deseño ("plantilla")

Para rematar, teremos que elixir un modelo, que é o deseño xeral do blog. Elixiremos a que máis nos guste, pero máis adiante poderemos cambiala sempre que queiramos.



E xa temos o noso blog en Blogger. Agora haberá que configuralo e empezar a escribir. Pero iso é outra historia.

Para ver o noso blog, teremos que escribir a súa dirección no navegador, e no meu caso é: <http://meublog.blogspot.com>. Entón aparecerá ventá:



E encima dela veremos a barra azul de Blogger, coa que poderemos entrar á parte da Administración a escribir unha **Nova Entrada** no blog ou a Personalizar o deseño, ademais doutras funcións.



## 4. O panel do blog

Para entrar no noso blog habitualmente, teremos que ir á web de Blogger. Unha vez alí, entraremos no panel do noso blog

automaticamente se gardamos os nosos datos de entrada. Se non foi así, teremos que facer clic na barra superior, onde pon **Nova versión de Blogger**:



Entón aparecerán dous campos de texto onde hai que escribir o **nome de usuario** e o **contrasinal** antes de facer clic no botón **Entrar**.



A continuación veremos o **panel**, que é o centro da administración, desde onde controlamos todo o noso blog. A parte central é esta:



Aquí administramos o noso blog. Podemos escribir un artigo ou **entrada**, ou cambiar as **opcións** e o **deseño**, ademais de ver o **blog**. Pero na parte dereita temos outros enlaces para **ver** ou **editar** o noso **perfil**, é dicir, os nosos datos persoais, para que os coñezan outros usuarios de Blogger ou calquera visitante. Ademais, hai outros recursos de axuda que sempre poden resultar útiles.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Tradución do manual “Apuntes sobre Blogs” de Alejandro Valero.



























## Guión:

## Crear contido.

Título:

Vínculo:  Utilice esta opción para crear el vínculo del título en un sitio web. [Más información](#)  
[Añadir vínculo a adjuntos](#)

[Edición de HTML](#) [Redactar](#)

Fuente T **b** *i* T                            

## Inserir imaxes.

**Añadir una imagen desde su equipo**      **O añadir una imagen de la web**

[Añadir otra imagen](#)      [Añadir otra imagen](#)

     URL

Acceptamos jpg, gif, bmp e imágenes png, de 8 MB de tamaño como máximo      [Más información](#) acerca de la utilización de imágenes web

---

**Elija un diseño**

Ninguno       Izquierda       Centrar       Derecha

**Tamaño de la imagen:**

Pequeñas       Medio       Grandes

¿Utilizar siempre este diseño?

            Acepto las [Condiciones del servicio](#). (Actualizado el 13/12/06)

Anotacións.

## Inserir vídeo.

O único que faremos será copiar o código que aparece na páxina do vídeo en Youtube en "insertar" e pegalo a túa nova entrada de blogger (na etiqueta edición de HTML).

Matemática recreativa

URL:


Insertar:

Después de seleccionar, copia y pega el código de inserción anterior. El código cambiará en función de tu selección.

Incluir vídeos relacionados  
 No incluir vídeos relacionados

Mostrar borde

[\(cerrar\)](#)



Anotacións.

## **Configuración e deseño.**

### **Máis información.**

#### **Uso educativo dos blogs.**

<http://www.scribd.com/doc/6854/O-Blog-como-ferramenta-na-Orientacion-Educativa?query2=proyecto%20educacional.doc>

#### **Edición avanzada.**

<http://avalerofer.blogspot.com/> (Entre outras custións, aborda a posibilidade de inserir actividades feitas con HotPotatoes e LIM).

<http://bloggerlandia.blogspot.com/>